

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

4093 Orde AAA/616/2016, do 26 de abril, pola que se modifica o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais, aprobado pola Orde ARM/3368/2010, do 27 de decembro.

O Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais, aprobado pola Orde ARM/3368/2010, do 27 de decembro, establece os requisitos que se deben cumprir no proceso de produción das sementes de cereais, de acordo co establecido na Directiva 66/402/CEE do Consello, do 14 de xuño, relativa á comercialización de sementes de cereais.

Esta Directiva 66/402/CEE do Consello, do 14 de xuño, foi modificada pola Directiva de execución (UE) 2015/1955 da Comisión, do 29 de outubro de 2015, pola que se modifican os anexos I e II da Directiva 66/402/CEE do Consello, polo que respecta ás condicións que deberá cumprir o cultivo de sementes de variedades híbridas de cebada obtidas mediante o método de esterilidade masculina citoplasmática.

A presente norma incorpora ao ordenamento xurídico interno a Directiva de execución 2015/1955/UE da Comisión, do 29 de outubro de 2015, a través da correspondente modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais.

Na elaboración da presente disposición consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais, aprobado pola Orde ARM/3368/2010, do 27 de decembro.*

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais, aprobado pola Orde ARM/3368/2010, do 27 de decembro, nos seguintes termos:

Un. O anexo 1 queda modificado como segue:

a) Na observación terceira inclúese o seguinte texto despois do primeiro parágrafo:

«Na produción de sementes de variedades híbridas de cebada obtidas utilizando a esterilidade masculina citoplasmática, o cultivo deberase axustar aos seguintes requisitos referentes ás distancias respecto ás fontes de pole veciñas, as cales poden dar lugar a polinizacións non desexadas:

Para a produción de sementes de base, 100 metros.

Para a produción de sementes certificadas, 50 metros.»

b) Ao final da observación cuarta inclúese o seguinte texto:

«Na produción de sementes de variedades híbridas de cebada empregando o método de esterilidade masculina citoplasmática (CMS), o cultivo posuirá un grao suficiente de identidade e pureza no que concirne ás características dos seus compoñentes e, ademais, cumprirá os seguintes requisitos que serán examinados nunha proba oficial de poscontrol:

1. O número de plantas da especie cultivada que, segundo se poida apreciar, non reúna as condicións exhibibles aos compoñentes non será superior:

Nos cultivos utilizados para producir sementes de base, do 0,1 % para a liña mantedora e a liña restauradora e do 0,2 % para o compoñente feminino da CMS;

Nos cultivos utilizados para producir sementes certificadas, do 0,3 % para a liña restauradora e o compoñente feminino da CMS e do 0,5 % en caso de que o compoñente feminino da CMS sexa un híbrido único.

2. O índice de esterilidade masculina do compoñente feminino será:

Para a produción de sementes de base, do 99,7 % como mínimo.

Para a produción de sementes certificadas, do 99,5 % como mínimo.

3. As sementes certificadas poderanse producir nun cultivo mixto dun compoñente feminino androestéril cun compoñente masculino que restaure a fertilidade.»

Dous. No anexo 2 inclúese a seguinte observación final:

«No caso de sementes de variedades híbridas de cebada empregando o método CMS, a pureza varietal mínima deberá ser do 85 %. As impurezas, con excepción da liña restauradora, non excederán o 2 %. A dita pureza deberá ser examinada nas probas oficiais de poscontrol sobre unha proporción adecuada de mostras.»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva de execución (UE) 2015/1955 da Comisión, do 29 de outubro de 2015, pola que se modifican os anexos I e II da Directiva 66/402/CEE do Consello, polo que respecta ás condicións que deberá cumprir o cultivo de sementes de variedades híbridas de cebada obtidas mediante o método de esterilidade masculina citoplasmática.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de abril de 2016.—A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.